



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua inglesa e a súa didáctica

Materia	Lingua inglesa e a súa didáctica			
Código	O05G120V01507			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca Fernández Carballo Calero, María Victoria			
Profesorado	Fernández Carballo Calero, María Victoria Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	victoria@uvigo.es fanny.llantada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Tendo en conta o carácter lingüístico e didáctico desta materia preténdese reforzar o nivel de competencia comunicativa na lingua estranxeira e igualmente é un obxectivo fundamental ofrecer ao alumnado unha visión metodolóxica sobre o ensino da lingua estranxeira nas aulas de Educación Primaria.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación

C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
C51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira
C52	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Comprender as ideas principais do discurso falado cando este é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns dos ámbitos persoal, público, profesional e educacional (Marco Común, Cadro 5).		D1 D3 D4 D11 D12
2. Comprender a idea principal de películas e de programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.		D1 D3 D4 D11 D13 D20
3. Comprender textos escritos redactados nunha lingua de uso habitual e cotián ou relacionada co traballo.		D1 D3 D4
4. Comprender a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.		D1 D3 D4
5. Saber desenvolverse en case todas as situacións que se lle presentan cando viaxa onde se fala esa lingua.		C50 D1 C51 D3 D4 D13 D17 D20
6. Poder participar espontaneamente nunha conversación que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).	A4	C50 D1 C51 D4 D12 D20
7. Poder abordar oralmente en inglés, con fluidez e seguridade, temas de interese para alumnos de educación primaria. Saber enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, así como os seus soños, esperanzas e ambicións.	B3	C11 D1 C50 D3 C51 D4 D12 D20

8. Poder explicar e xustificar brevemente as súas opinións e proxectos.			C50 C51	D1 D3 D4 D12 D17 D20 D21
9. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película, e poder describir as súas reaccións.			C51	D1 D3 D4
10. Ser capaz de escribir textos sinxelos e ben enlazados sobre temas que lle son coñecidos ou de interese persoal. Poder escribir cartas persoais que describan experiencias e impresións.			C51	D1 D3 D4
11. Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos en torno aos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos.	A1	B1 B6	C11 C63	D1 D2 D9
12. Deseñar, planificar e avilar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	A3	B2 B8	C13 C16 C34 C43 C45	D1 D2 D9 D12 D19
13. Fomentar a convivencia no aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuír á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes.		B5	C13 C34	D2 D7 D12 D15
14. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes.	A2	B10	C13 C16 C34	D2 D9 D12 D16 D21
15. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación.	A1		C43	D1 D3 D4
16. Manexar os conceptos básicos do ensino comunicativo dunha lingua estranxeira, incluíndo as funcións lingüísticas, e as competencias e estratexias comunicativas.	A3		C43	D1 D4
17. Diferenciar entre competencias lingüísticas, socioculturais, e pragmáticas (Marco Común, Capítulo 5, Seccións 5.2.1, 5.2.2 e 5.2.3).	A3		C11 C43 C52	D1
18. Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A1		C43 C51 C63	D1 D3 D4
19. Coñecer o currículo escolar da lingua estranxeira.			C43 C45	D1 D4
20. Saber desenvolver un programa de ensino e aprendizaxe comunicativos da lingua estranxeira.	A2		C45 C52	D1 D2 D4
21. Ser capaz de preparar e impartir unha unidade didáctica.	A2 A3		C16 C51 C52 C62 C63	D1 D2 D4 D9
22. Ser capaz de presentar novos elementos funcionais, gramaticais e léxicos.	A4		C43 C51 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
23. Saber facilitar a práctica oral no aula mediante actividades comunicativas en parellas e grupos.	A2		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
24. Saber crear oportunidades para a produción libre e comunicativa mediante xogos, actividades lúdicas e creativas.	A2		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D4 D9 D21

25. Saber como fomentar a lectura e animar a escribir.	A2	C48	D2 D4
26. Comprender distintas formas de avaliación e de auto-avaliación e saber levar a avaliación a cabo.	A3	C63 C65	D1 D2 D4

## Contidos

Tema	
L1- Presentación.	I. Presentación de si mesma/o e de outras personas. II. Experiencias persoais da aprendizaxe da lingua estranxeira. III. Identificación de oportunidades na contorna para fomentar a propia aprendizaxe e diagnóstico de necesidades e obxectivos. IV. Mindfulness na aula.
L2 - Descrición física e da personalidade.	I. Características físicas, afectivas e persoais. II. Describirse a si mesma/o e a outras personas en termos da aparencia e do carácter. III. Expresar o acordo e o desacuerdo. IV. Mindfulness na aula.
L3 - A contorna na que vivimos.	I. Discusión dos distintos tipos de vivenda en países estranxeiros e comparación con Galicia. II. Descrición das vivendas do alumnado, comprensión de anuncios de pisos e vivendas en aluguer. III. Vídeos turísticos dando a coñecer Ourense. IV. Mindfulness na aula.
L4 - Os animais.	I. Os animais da granxa, partes do corpo. II. Os animais do bosque. III. Os animais salvaxes. IV. Mindfulness na aula.
D1 - Ensino comunicativo da lingua estranxeira.	I. Funcións lingüísticas. II. Competencias e estratexias comunicativas. III. Mindfulness na aula.
D2 - Metodoloxía 1: Presentación e práctica.	I. Presentación de novos elementos funcionais, gramaticais e léxicos na aula de lingua estranxeira. II. Práctica oral mediante actividades comunicativas en parellas e grupos. III. Mindfulness na aula.
D3 - Metodoloxía 2: Produción, creatividade e xogo.	I. Os xogos: dimensión lúdica da aprendizaxe. II. Cancións tradicionais anglófonas. III. O contacontos na aula de lingua estranxeira. IV. Uso de internet para aprendizaxe autónoma. V. Mindfulness na aula.
D4 - A unidade didáctica.	I. Obxectivos II. Competencias lingüísticas, socioculturais, discursivas e estratéxicas. III. A avaliación. IV. A utilización do PEL (Portfolio europeo das linguas) como ferramenta de avaliación. V. Mindfulness na aula.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudo previo	0	30	30
Traballo tutelado	15	0	15
Traballo tutelado	13	21	34
Prácticas de laboratorio	0	10	10
Prácticas con apoio das TIC	10	10	20
Presentación	10	30	40
Práctica de laboratorio	2	2	4
Traballo	2	3	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias
Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio de forma autónoma por parte do alumnado.
Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do alumnado.
Traballo tutelado	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados ca materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense en espazos especiais con equipamiento especializado (laboratorio de idiomas).
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense en espazos especiais con equipamiento especializado (laboratorio de idiomas).
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a ou o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe
Presentación	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	Atención e resolución de dúbidas do alumnado coa finalidade de guiar e orientar o proceso de aprendizaxe

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Avaliación continua (en inglés): Presentación e exposición oral a aula dun traballo de grupo sobre unha unidade didáctica, con apoio de material. Valorarase a aplicación didáctica e a creatividade.	40	A2 B1 C11 D1 A4 B2 C13 D2 B3 C16 D3 B5 C34 D4 B6 C43 D7 B10 C45 D9 C48 D12 C50 D13 C51 D15 C52 D17 C62 D19 C63 D20 C65 D21
Práctica de laboratorio	Avaliación continua (en inglés): Probas para avaliación das competencias orais e escritas adquiridas nos traballos de aula e mediante mensaxes textuais e audiovisuais colgados na plataforma virtual da materia.	30	A4 C50 D1 C51 D2 D4 D7 D9 D11 D12 D13 D16 D20 D21
Traballo	Avaliación continua (en inglés): Presentación dos resultados dos traballos sobre a temática da materia. Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo, de xeito oral ou por escrito	30	A1 C50 D1 A4 C51 D2 D4 D7 D9 D12 D13 D16 D17 D20 D21

---

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

---

Para superar a materia será requisito imprescindible aprobar (cun 50% como mínimo) cada un do tres apartados arriba mencionados. En caso de PLAXIO a cualificación será de SUSPENSO.

Efectuarase un seguimento de asistencia a clase. En segunda convocatoria e para o alumnado que non se acolle á avaliación continua e/ou non asiste ao 80% das clases, realizarase un exame final que englobe todos os contidos e destrezas.

Consistirá nunha presentación da unidade didáctica en horas de tutoría (40%), unha proba de exame oral en inglés (30%) e un exame final tipo test sobre lingua e didáctica (30% - o alumnado terá que aprobar cada unha das dúas partes do exame escrito, cun mínimo de 5 sobre 10 en lingua, e 5 sobre 10 en didáctica).

As partes da materia superadas na 1a oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2a, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Data do exame: Consultar a web da facultade no menú "Datos exames".

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

### **Bibliografía Básica**

McNicholls, S., **Primary English and its Teaching**, Meu Moodle, 1.9.2021

### **Bibliografía Complementaria**

Albuquerque, R. et al, **En el Aula de Inglés**, Longman, 1990

Doff, A., **Teach English**, CUP, 1994

Halliwel, S., **La Enseñanza de Inglés en la Educación Primaria**, Pearson Longman, 1993

Vale, D. y Feunteun, A., **Teaching Children English: An Activity Based Training Course**, CUP, 1995

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que continúan o temario**

Didáctica da lingua estranxeira: Inglés/O05G120V01916

Idioma estranxeiro: Inglés/O05G120V01907

Lingua estranxeira a través da literatura infantil: Inglés/O05G120V01914

Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Inglés/O05G120V01913

---

## **Outros comentarios**

---

Recoméndase que, no momento de iniciar a materia, o alumnado teña un nivel de A2 (segundo o Marco Europeo de Linguas) en lingua inglesa.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

---